

**A vangarda galega: entre o mito e a imaxinería.  
Diálogos imaxinarios**

**Xesús González Gómez**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

GONZÁLEZ GÓMEZ, XESÚS (2011 [2000]). “A vangarda galega: entre o mito e a imaxinería. Diálogos imaxinarios”. En Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González (eds.), *Professor Basilio Losada. Ensinar e pensar con liberdade*. Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, 427-433. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/683>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

GONZÁLEZ GÓMEZ, XESÚS (2000). “A vangarda galega: entre o mito e a imaxinería. Diálogos imaxinarios”. En Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González (eds.), *Professor Basilio Losada. Ensinar e pensar con liberdade*. Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, 427-433.

\* Edición dispoñíbel desde o 4 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

## A VANGARDA GALEGA: ENTRE O MITO E A IMAXINERÍA. DIÁLOGOS IMAXINARIOS

**Xesús González Gómez**

*Barcelona*

A palabra *vanguardia* provén dunha metáfora militar e foi usada por primeira vez no século XIX en Francia por Sainte-Beuve. Desde entón, a fortuna da palabra foi diversa e o seu uso serviu tanto para designar grupos literarios e/ou artísticos como políticos. Unha vez introducida nos estudos literarios, a palabra *vanguardia* serviu tanto para designar grupos como individualidades. A designación de *vanguardas* parécenos incorrecto, sobre todo cando se trata de caracterizar individuos. Eis o que acontece na Galiza, onde a palabra *vanguardia* nunca designa un grupo, un movemento, cando máis un determinado libro de poesía, un poeta concreto, algúns *signos* que se albiscan nun poeta ou nun escritor. Pensamos que a introducción da palabra *vanguardia* para designar unha actividade concreta na poesía galega, un autor determinado -Manuel Antonio, maiormente- non só é incorrecta, senón que é *improductiva*. Incorrecta porque ao designar uns anos determinados da literatura galega como *vanguardistas*, ou como a introducción da *vanguardia*, estase a inventar un mito. Improductiva, porque ao dar por sentado ese mito, a *vanguardia* galega converteuse nunha imaxinería. A imaxinería nace do mito -o mito pode ser *eficiente* ao atraerse a adhesión e participación dun grupo, mesmo de todo un pobo, gracias ao poder dos símbolos co que actúa, ás ideas forzas, ás forzas motrices e aos arquetipos que o constitúen, mais cristalízaio fría e superficialmente ao non estar en relación co vivido. A imaxinería está feita a base de clichés e imaxes mortas parecidas a estrelas desaparecidas hai anos e que pensamos que aínda están vivas, pois a súa luz nos chega con atraso. A imaxinería é residual, sempre, non é máis que un tecido de ideas falsas, de pensamentos equivocados ou de contraverdades. A imaxinería está feita de restos espaxados, logo acumulados, de teorías sobre o home e sobre os obxectos que teñen os seus breves momentos de gloria antes de que os feitos e o progreso científico non os refuten. A imaxinería é esquizofrénica ou esquizomorfa, non di nada ocupando a dianteira de todas as escenas. Contrariamente ao que pensa a imaxinería, a revolución non é unha ruptura nin unha nova saída sen referencias a un pasado ou a un espacio humano perdido. A revolución non é a invención dunha sociedade e dun home “novos” totalmente descoñecidos ata o presente, imposibles de percibir ou comprender mentres a revolución non triúne. A imaxinería é a ideoloxía, e a “*vanguardia*” galega, o estudio dunha suposta *vanguardia* galega é unha ideoloxía, unha imaxinería que se opón á verdade, por ser a verdade unha definición clara e precisa do Ben e da Felicidade, por ser a verdade unha denuncia das

causas e dos responsables da mentira. A imaxinería foxe das denuncias, esquece a verdade, enuncia falsidades. É hora que a crítica galega fuxa da falsidade, que se esqueza de expor parcialmente as relacións entre literatura e sociedade, porque só adoitan a responder -tacitamente- á pregunta como se reflicte a sociedade na literatura, de que modo se encontra esta nunha obra literaria, deixando de lado o estudio dunha cuestión previa e fundamental, que Walter Benjamin, na esteira de Hegel, intentou aclarar no seu día: como se encontra a literatura na sociedade, ou con palabras de Benjamin, “como se encontra dentro das relacións de produción dunha determinada época”. Sabemos, desde Benjamin e o seu *París, capital do século XIX* e mais o seu traballo “O autor como produtor”, que o estudio de “como se encontra a literatura nunha sociedade dentro das relacións de produción dunha época determinada” comporta un cambio de agullas na socioloxía da literatura e inicia o estudio da socioloxía empírica da literatura, o que permitiría á socioloxía da literatura saír do *cul-de-sac* en que se encontra desde hai anos e permitiría a esta colocarse dentro dunha teoría social da literatura, lugar que, malia todo, aínda non ocupa.

## Dous amigos encóntranse nunha librería

A.: ¡Home, vaia casualidade! Hai días pensaba chamarte por teléfono para que me axudases nun traballo que teño que entregar e non sei nin como empezar.

B.: ¿De que se trata?

A.: Un traballo sobre as vangardas. Mellor dito, sobre a vangarda galega.

B.: ¡Uff!, xa empezamos. Non sei se poderei axudarche moito, xa sabes que para min iso das vangardas non resulta moi serio, e se falamos de *vangardas* galegas, aínda menos. Pero, como que es amigo, axudareite no que poida. Di o que necesitas.

A.: Un inicio. A ver se me explico. ¿Como caracterizar as *vangardas*? ¿Teñen as diversas *vangardas* puntos en común, elementos que as caractericen? ¿Significan un avance (*sic*) na literatura, unha ruptura? Unha vez especificado isto, se é que se pode, como caracterizar a *vangarda* galega, ou que considerar que é vangarda na Galiza.

B.: Pólo difícil, meu caro. Aquí habería que comezar a estudar o asunto socioloxicamente. Comezar por estudar as vangardas desde o punto de vista sociolóxico esquecéndose, de momento da literatura, ou, tal vez, do signo, xa que moitos críticos acaban por reducir a literatura simplemente ao signo. Un estudio sociolóxico das vangardas debería comezar analizando unha serie de puntos que se poden tirar dunha das tendencias da socioloxía, a chamada socioloxía institucional, da que os seus maiores representantes son René Lourau e Georges Lapassade. Así, de memoria, lembraría algún dos puntos (ou variables) que Lourau indica para a

análise dos grupos ou movementos, das organizacións e das institucións, considerando o movemento como unha loita ou combate que pretende a institucionalización de formas en parte novas, en parte reproductivas das relacións dominantes, antes que a destrución das formas anteriores. Así as cousas, as variables que propoño, tiradas das variables propostas por Lourau/Lepassade, serían as seguintes:

1. Variable *Orientación (O)*: fins, obxectivos, estratexia, o mito que fai existir o movemento no plano ideolóxico.
2. Variable *Velocidade (V)*: a súa velocidade de aparición, o seu ritmo de desenvolvemento e institucionalización.
3. Variable *Amplitude (A)*: o seu poder relativo aos ollos da opinión-opinións segundo os niveis culturais; a súa relación cos valores dominantes, os modelos culturais.
4. Variable *Período (P)*: duración histórica, fases persoais.
5. Variable *Masa (M)*: a base social, a poboación implicada directa ou indirectamente segundo os criterios -variables- de pertenza ou referencia.
6. Variable *Modo de Acción (MA)*: medios empregados, modos organizativos con relación ás institucións ou outros movementos.
7. Variable *Inducción de Fusión (IF)*: capacidade para operar ben unha fusión (arredor do núcleo do movemento), ben unha fusión negativa (contra o movemento); tendencias centralizadas, burocráticas.
8. Variable *Inducción de Segmentalidade (IS)*: entradas e saídas, dispersión do grupo, as escisións no movemento, a acción exterior, as novas distribucións de forzas nas institucións ou outros movementos en función do movemento analizado-estudiado...

B.: ¿E todo iso tiráchelo de René Lourau? Con todo, á parte dalgún punto ou variable concreta, de pouco me vai servir o que me dís, xa que non hai movemento de vangarda na Galiza. Cando moito, segundo nos din, un poeta, Manuel Antonio, e máis nada. Aínda que, acho, encóntrolle á túa proposta de análises das *vangardas* unha falla, digamos, filosófica. Desde Spinoza, Hegel e outros, sabemos que o individuo é *ineffabile*, que o individual non pode ser subsumido no xeral. O individual, guste ou non, a toda a laie de comunitaristas, colectivistas, etcétera, é unha forza explosiva que, como dixen, non pode subsumir o xeral.

A.: Estamos de acordo, mais, penso, o individual se ben non pode ser subsumido no xeral, pode obrigar ao xeral sempre e renovadamente ao traballo, a novas actas, disposicións, definicións, procuras, investigacións e revisións, ou sexa, a un proceso que debe acontecer constantemente nas ciencias do espírito como acontece nas ciencias da natureza, nas ciencias sociais, nas tecnoloxías, un proceso que debe ocorrer -infelizmente, non é así- tamén nas ideoloxías, nas visións do mundo e nas teorías político-sociais. Mais é verdade que esa forza explosiva do individual ameaza tamén con destruír ao xeral. Mais, e iso sabémolo en propia carne, o xeral ameaza ao individual, procura transformalo no seu obxecto servil e órgano de realización. A unión dos contrarios, sería o ideal, mais tampouco cabe

esquecer, nunca, que o individual non pode existir sen o xeral. O individual chega á súa autocomprensión mais tamén á súa existencia eficaz só mediante o xeral. E as categorías do xeral poden servir para comprender, e que se autocomprenda, o particular, o individual...

**B.:** Vale, vale... mellor continuemos con Lourau. Eu lín o seu libro *L'état-inconscient*, en versión española, traducido o título equivocadamente como *O estado e o inconsciente*, e se ben algo do que ti sinalabas estaba naquel libro, a min véñenme outras preguntas que debería facerche e que me fixera mentres lía a Lourau. A ver se me explico ben. Estaba eu a ler os libros sobre Manuel Antonio que hai na miña biblioteca, a tirar datos e datas, e veu á mente cal sería o verdadeiro fondo do enfrontamento de Manuel Antonio -acompañando a Risco, Castelao, Lousada Diéguez, Antón Vilar Ponte, etc.- coa Irmandade da Coruña. Relacións que entrarían, segundo a túa exposición, dentro das variables *A* e *IS*.

**A.:** Se queres que che conteste, a verdade, non estudiei nunca o tema.

**B.:** Logo, a ver que che parece a miña exposición. Lendo o citado libro de Lourau, no apartado dedicado ás institucións e contrainstitucións, fala da autoxestión como única maneira, parece dicir nun momento dado, de enfrontarse ao estado. É dicir, aquel movemento, aquela contrainstitución que non teña pensado na autoxestión vai caer, cedo ou tarde, nas redes do estado. Da institucionalización (a institución é o estado, dinos Lourau). Acho, pola miña parte, que as Irmandades da Fala non foron aínda estudiasdas como movemento contrainstitucional, como movemento quizais autoxestionario, ¿non si?

**A.:** Continúa, que me parece interesante o que estás a dicir.

**B.:** As irmandades, penso, son a parte “organizativa” do nacionalismo que nace non como movemento con vistas a ser institución, senón como movemento autoxestionario que quere, pouco a pouco, abranguer a sociedade. De aí, tal vez, os enfrontamentos que se producen no seu seo, e que deben ser a reprodución dos enfrontamentos que se producen nunha parte importante da Galiza, o nacionalismo galego. Un dos enfrontamentos máis duros —e menos estudados, a non ser por Antón Capelán, un dos poucos que está a traballar no sentido que demandaba Benjamin, de como se encontra unha obra literaria na sociedade dentro das relacións de produción, e que está a facer un traballo empírico-teórico fundamental para o desenvolvemento da socioloxía e da teoría literaria na Galiza—, dicíache, que un dos enfrontamentos máis duros vai ser precisamente o que protagonizarán os homes das Irmandades con aqueles que conformarían o que chaman os nosos “estudiosos” da literatura a *vanguardia histórica* galega. O enfrontamento de Manuel Antonio coa Irmandade coruñesa —enfrontamento no que se achará o de Rianxo a carón de Risco, Castelao, Antón Vilar Ponte, etc.—, e o enfrontamento dos Otero Espasandín, Dieste, Fernández Armesto e outros que se aglutinan e colaboran en *El Pueblo Gallego*. Anota que estes *vanguardistas* non colaborarán en

A *Nosa Terra*, e moi pouco en *Nós*. Anota tamén que Amado Carballo, que tampouco é vangardista, se alíña coas Irmandades, e coa da Coruña. E acaba por anotar que estes *vangardistas*, máis correctamente designados por Ricardo Carvalho Calero como *novacentistas*, abandonan cedo o “cultivo” do galego. A miña pregunta, que quixese me contestases, é ¿como se come que os que conforman a suposta vangarda se enfronten ao único movemento autoxestionario, antiinstitucional, ao único movemento que non tiña —por seguir a Lourau— o estado no inconsciente, que había na Galiza nos anos vinte? Se as vangardas, o propio Lourau nolo di, poden ser unha parte da avanzada que procura a destrución do estado —para el, dada e o surrealismo, as únicas—, ¿por que a *vangarda* —inexistente segundo ti— galega está contra a contrainstitución?

B.: A cousa complicase e as respostas deben ser moitas e difíciles. Con todo, intentaremos unha. Penso, non sei se equivocadamente ou non, que os homes de *Nós* (naqueles momentos, primeira metade dos 20, e anos máis tarde tamén, estaban atrapados nas redes risquianas e de Lousada Diéguez) tentan, precisamente, a institucionalización, porque na Galiza nin o nacionalismo nin a literatura galega foran nunca institución. Naceu o nacionalismo, que xorde coas Irmandades, e esquezamos por un momento os precursores, como contrainstitución (o que ben viron algúns anarquistas que mantiveron contactos cos homes das Irmandades, e disto nos poderían falar, que algo falaron, tanto Antón Capelán como Dionisio Pereira). Os homes de *Nós*, que é un grupo —“conxunto de persoas unidas por motivos diversos: vida familiar, actividade cultural, profesional, política, deportiva, de relixións, etc.; os grupos constituídos así parecen posuír regras comúns que non se advirten espontaneamente— teñen unha fin determinada”. A fin de non é non só a modernización da nosa literatura, senón tamén da nosa política e, sobre todo, a institucionalización da literatura galega, da cultura, se queres. *Nós*, que é un grupo dentro do nacionalismo, grupo cultural nun primeiro momento, aparece cando xa funcionaban as Irmandades, que actúan politicamente á par de culturalmente. Cando o grupo *Nós* se “constitúe”, é dicir, no momento en que aparece a revista que lles dará o nome, os homes que o conforman intentan o *leadership* no seo das Irmandades. *Leadership* que, por exemplo, para Risco é natural, xa que eles son os membros máis importantes das Irmandades. Risco, e outros, non se decataban que no seo dunha organización que é unha contrainstitución aínda que non o sexa conscientemente, os liderados non teñen razón de ser. Os nosos estudosos da literatura, tanto os que buscan de que maneira se reflicte a sociedade na literatura, como os que consideran a literatura como o canto do signo, non souberon ver, ¡evidentemente!, a parte de contrainstitución que tiñan as Irmandades, só ven nelas aos “vellos”, unha maneira de apegarse aos postos directivos e as súas concepcións literarias e estéticas, algo “atrasadas”. (Non obstante, véxase o libro de Laura Tato Fontáña, e verase que mercé a esa estética “atrasada” puido funcionar un pouco de teatro durante a existencia das Irmandades da Fala). Á parte, a cousa complicase cando nos damos de conta que a Irmandade da Coruña, coa que se enfronta o noso “conspicuo” vangardista *après-la-lettre*, Manuel Antonio, estaba dirixida por homes como Johán Vicente Viqueira, os Carré outros, que eran

republicanos, liberais, nacionalistas e pro (ou proto) socialistas/anarquistas. E disto, meu caro amigo, poderá falarnos, cando queira, Antón Capelán. Hai, opino, que cambiar a orientación dos estudos literarios galegos se queremos que estes sirvan para algo máis que para publicar libros e encher currículos académicos. A importancia das Irmandades como movemento social avanzado, antiinstitucional, autoxestionario, como dis ti, e penso que con toda a razón do mundo, está por estudar e analizar. Quizais analizando isto, o analizador encontrará unha verdade importante para o movemento nacionalista, agora en plena ascensión. O outro, o que están a argallar moitos estudiosos, iso da ruptura, das vangardas, etcétera, é converter a historia da literatura nunha sucesión de bos e malos, rupturas e roturas, nun dualismo antihistórico, ou ahistórico, se non che gusta que sexa tan duro, que non levan a parte ningunha e que, ademais, non explican a modernidade e como esta se introduce na nosa literatura. Ás veces, moitas, a modernidade introdúcese por medio de textos, cadros, teorías, etc., que exteriormente non parecen “modernos”. Un exemplo concreto. A infinidade das perspectivas de profundidade que fan dun texto como *As afinidades electivas* de Goethe unha obra de arte ata hoxe inesgotable e nunca agotable do todo, malia a súa fachada tradicional, en contradición coa súa estrutura poética real, fai máis clara nestas obras *tradicionais* a problemática moderna que nas obras dos *vangardistas* extremos. A perspectivas de profundidade desta obra mestra, deron (ou foron o inicio ou nacemento) unha obra mestra en galego, dun escritor que a ninguén se lle ocorrería alumar de *tradicionalista*, estou a falar do relato “Quinta Velha do Arranhão” de Xosé Luís Méndez Ferrín, un relato onde a modernidade, coído, estoura desde o centro e se expande por todas as partes. O mesmo poderíamos dicir, por exemplo, de *Follas Novas*, mais non é o que nos trae hoxe aquí. Mais sigamos. Eu, ata aquí, negaba, simplemente, a existencia dunha vangarda galega, nunca a busca, a procura dunha *outra parte*, esa outra parte coa que deron os grandes poetas e artistas da nosa época (pertencentes ou non ás *vangardas*). Unha procura que acadarán algúns artistas plásticos, como Maside, Colmeiro, Fernández Mazas, por falar de artistas de antes do 36, e que estaban a alcanzar Seoane e outros. Unha outra parte que vén dada logo de numerosas buscas e algún que outro encontro ou achado e que non significa ruptura de clase ningunha. Mais ese intento de estudar a nosa literatura desde *dentro* das Irmandades, é dicir, ese intentar un estudio social da nosa literatura fuxindo de mitos que se converteron en imaxinería, como o concepto de vangarda, ese intento dunha historia de “como se encontra a literatura galega na sociedade dentro dunhas relacións de produción dadas”, iso non se me ocorrera. Claro que, como avisaba Benjamin, iso necesita toda unha serie de estudos empíricos que son aborrecedores e que os estudiosos da literatura non están dispostos a levar a cabo: son moi opacos, nunca brillan, aínda que ofrezan un coñecemento superior a toda esa imaxinería da que falabamos.

A.: Evidentemente, o dos estudos empíricos é cousa que non atrae. Con todo, podía che dicir que os de Antón Capelán son exemplares. Sobre todo como contribución ao coñecemento dunha serie de intelectuais que non acadaron o que Pierre Bordieu chama *capital simbólico*. Un capital simbólico forte. Estes intelectuais,

que na terminoloxía gramsciana se chaman subalternos, é dicir, non son creadores de ideoloxía, senón propagadores, penso que teñen no noso país unha importancia maior, porque ao cabo, van ser eles o verdadeiros intelectuais de *vanguardia*, mais de *vanguardia* política, no sentido que Lenin lle deu á palabra. Serán estes intelectuais, cuxo descontento é máis profundo que os dos “grandes intelectuais”, os que levarán a cabo —penso— a formación do nacionalismo máis radical nos anos 30. Evidentemente, case todos eles naceran e se desenvolveran política e culturalmente no seo das Irmandades. Antes de acabar, porén, e despois de todo o que leva(mo)s dito, ¿podes dicirme como definir a Manuel Antonio?

B.: Aquí poderíamos encontrarnos cun problema de definición, ou de ubicación de abondo complicado. Non obstante, e citando ao teu Pierre Bordieu, penso que podíamos definilo, ou ubicalo, como “sección autónoma” dentro da poesía galega, e non só do seu tempo. Sección autónoma, que permitiría unha mellor ubicación do poeta dentro da poesía galega do século XX. Sabes ben que nos anos oitenta o poeta foi considerado como o “mito” que propiciou a renovación da poesía galega. Non penso que sexa certo. O mito cristalizou e serviu como pretexto para dar nacemento a outro mito completamente cristalizado: a *vanguardia*. Mito cristalizado que era xa pura imaxinería e que como tal aínda funciona. Tanto funciona que nos manuais de literatura galega se acabou por falar de *vanguardas*. Mais, por hoxe, acabemos, senón a cousa vaise complicar e estaremos a charlar durante xornadas enteiras.

## Bibliografía

- BENJAMIN, WALTER. *Paris, capital du XIXe siècle*. Paris: Du Cerf, 1997.
- BORDIEU, PIERRE. *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*. Paris: Seuil, 1998.
- CAPELÁN, ANTÓN. *Contra a Casa da Troia I*. Santiago: Laivento, 1994.
- , *Contra a Casa da Troia II*. Santiago: Laivento, 1996.
- , “Contribucións a unha historia da Universidade Popular da Coruña”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 3 (1999), pp. 25-64.
- JESI, FURIO. *Mito*. Barcelona: Labor, 1976.
- LAPASSADE, GEORGES/LOURAU, RENÉ. *Las claves de la sociología*. Barcelona: Laia, 1973.
- LOURAU, RENÉ. *El estado y el inconsciente*. Barcelona: Kairós, 1977.
- , *Auto-dissolution des avant-gardes*. París: Galilée, 1980.
- MESCHONNIC, HENRI. *Modernité, modernité*. París: Gallimard, 1993.
- TATO FONTAÍÑA, LAURA. *Historia do Teatro Galego*. A Nosa Terra: Vigo, 1999.